

ACTA REUNIÓN COMITÉ DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL, ACCESO INTERNO E ADSCRICIÓN PROVISIONAL

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Ana Comesaña Álvarez, Vicexerente de Persoal
José Manuel Fernández Viña, Xefe do Servizo
de PAS

M^a Carmen Pérez Martínez, Xefa Sección
Xestión de PAS

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge

Cristina Vila Pumares

XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO

María Fariza Novoa

Acta da reunión celebrada ás 12:15 horas do día
28 de agosto de 2009, na sala de xuntas nº 1 do
Edificio Xerencia/Servizos Centrais coa
asistencia das persoas que se citan á marxe e de
acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- Análise do borrador da convocatoria para a
ampliación da lista de agarda de Técnico
Especialista da Universidade de Vigo en
Tecnoloxías da Información e Comunicación.

A Vicexerente de Persoal explica as razóns de urxencia na convocatoria, por ter indispoñibilidade nas listas de agarda de Técnico Especialista en Tecnoloxías da Información e Comunicación debida ás circunstancias dos traballadores nela. Por ese motivo, realízase a convocatoria de modo urxente.

Así tamén, infórmase que a proposta de convocatoria específica cumpre o previsto no Acordo de Selección Temporal e a lista de agarda que se cree sería subsidiaria da xeral., chégase a un acordo por unanimidade establecendo que no punto 2.c.2 do apartado terceiro “*Formación relacionada coa categoría*” débese engadir tamén os cursos impartidos polos aspirantes.

A Vicexerente de Persoal comenta que, a próxima contratación dun Técnico Especialista en Tecnoloxías da Información e Comunicación a través do Servizo Galego de Colocación, é unicamente para cubrir este posto con carácter de urxencia pero o persoal seleccionado non pasará a formar parte das listas de agarda. Todos os membros aceptan a proposta.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:50 horas.